

Diego Alfonsín, (Tui, 1980) autor dunha novela breve e dun libro de relatos en castelán, debuta na narrativa galega con outra novela curta que se fixo ganadora do Premio Lueiro Rei do ano 2017. Unha novela que forma parte dese pulo innovador que algún autores lle están a imprimir á narrativa galega, se ben de xeito minoritario. Un narrador que desbota as estratexias canónicas e ergue a súa narración a base de teselas narrativas cosidas mediante puntos de fío, frecuentemente inapreciables, mais que farán que o lector perciba un texto unitario con forma de novela.

Unha boa mostra desta forma de narrar é *Non o saben as estrelas*. Nun hostel dunha cidade europea calquera, un protagonista innominado narra as súas experiencias e as relacións que ten con xente nova e viaxeira que se hospeda no mesmo albergue. Algúns con vocación de continuidade, outros soamente viaxeiros que se esvaeceen tras unha noite. Co paso do tempo, o protagonista vaia recoñecendo os habituais do hostel, os que foron quedando sen saber as datas das súas partidas deste hostel que semella por veces un hangar abandonado, un lugar de tránsito, no que o narrador está a coñecer nova xente e mesmo as súas aventuras e relacións íntimas. Estes habituais do lugar forman un puzzle de pezas vitais, cada un coas súas teimas, aventuras e arroutadas e dalgún xeito complementan-

Para entender o compromiso da poesía coa cultura, e coa vida en xeral, recomendo a lectura dun poema de *A muller, sinfonía. Cancioneiro vital*, o último libro de Claudio Rodríguez Fer. O seu título, "Grazas á vida", resume, como na canción de Violeta Parra, o amor pola xente e pola cultura en todas as súas manifestacións. O título do poema é o mesmo que o da canción de Parra porque Rodríguez Fer se achega ás cantigas que marcaron a súa xeración e que acompañaron no tránsito da mocidade á madurez a milleiros de xoves que tiveron á música como algo máis que un divertimento. Cada poema de *A muller, sinfonía* respecta o título da canción na que se inspira e mantén coa letra orixinal unha relación que vai máis aló dun paralelismo temático. Non se reduce o poeta a seleccionar as letras reivindicativas dos cantautores ou os temas máis populares, senón que están aquí representados todos os estilos e intérpretes que marcaron os seus gustos: temas que falan de liberdade e que denuncian abusos e inxustizas, pero que tamén tratan de amor, de sexo...

Hai no volume unha presenza dos cantautores, comenzan-

A vida como tránsito


Profundamente simbólica

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

se entre si: Castro, un rapaz de Florida que fala con fervor do territorio mítico dos seus devanceiros; Natsuki, coa que se entende por xestos e que chega a súa cama despois dunha bebedela; Carla que toca o violonchelo nas rúas e lle fala de Giuseppe Verdi agonizante, do seu funeral, mentres soa o coro dos escravos de Nabucco; Antonio que escribe nun garaxe glacial lisboeta e semella falar desde un soño; Armand, o irlandés... seres que semellan evaporarse entre as sombras ou mesmo son sombras.

Non entanto, tamén o narrador protagonista achega algunhas secuencias, retallos da súa existencia, arroutadas dunha vida improvisada, na que non fixo outra cousa que camiñar. Está a buscar de que escribir pero case nunca encontra, é contratado como gigoló para ter encontros con mulleres, para lle ler a unha anciá de noventa anos...

Novela curta, moi conden-



sa - da, profundamente simbólica, de seres que se encontran, mesmo se aman e desaparecen como descoñecidos. A vida como tránsito, impermanencia, cambio, precariedade, temporalidade. Unha transitoriedade, porén, das existencias humanas moi afastada das concepcións medievais e renacentistas, unha constante no pensamento

religioso, filosófico e literario. O hostel é o continuo ir e vir dos que se acollen no mesmo; viven certamente o presente sen pensar no futuro nin na finitude e na continxencia, mais son vidas sempre a correr sen posible detención. Unha acerta metáfora do noso tempo, representada por esas folepas ou fogueiras da vida de cada viaxeiro, e asemade polas súas relacións, case que sempre contrapostas cos outros viaxeiros. Que permanecerá do que foi no hostel ou se a súa mínima presenza desaparecerá empurrada polo ir e vir incesante doutros viaxeiros? É a pregunta que se fai o protagonista nas páxinas finais

O autor constrúe a historia cimentándoa nunha estratexia narrativa que desafia os moldes canónicos. A súa proposta estéase en breves secuencias narrativas que nos achegan re-trincos da vida de cada viaxeiro: as súas procuras de amor, de amizade, as súas melancolías, os seus devezos, que producen no lector a impresión dun amoadado continuo. Un estilo de prosa que en boa medida hipnotiza o lector cun lirismo máis oculto que expreso, acéranos a estes seres que viven nunha realidade suspendida.

ALFONSÍN, Diego, *Non o saben as estrelas*, Ed. Xerais, Vigo, 2018, PVP. 14, 60 €

ción poética do que foron algúns dos temas que encheron tempos para a saudade: "Noites en branco satén" (Moody Blues), "Coa sua branca palidez" (Procol Harum), "Os sons do silencio" (Simon & Garfunkel), "Satisfacción" (Rolling Stones), "Onte" (Beatles)... Inclúense asemade poemas que evocan as relacións da canción e da poesía coa música popular: Amancio Prada, Fela Kutí, Cesária Évora, Fuxan os Ventos, Alan Stivell... e esoutros referidos á bossa nova de Jobim, cun "Desafinado". Temos unha emotiva carta a Isaac Díaz Pardo, un "Todo cambia" de Mercedes Sosa, quen expresa a forza do amor: ese amor para o que non hai cura (Leonard Cohen).

Di o autor deste poemario que a poesía debe ser escoitada como a música. Tamén amosa co este poemario que a música pode ser escoitada como a poesía.

RODRÍGUEZ FER, C., *A muller, sinfonía. Cancioneiro vital*, Ed. Ouwirnos, Ourense, 2018, PVP. 18 €

Desexos, tristezas, ilusións...

O feitizo dos libros

MARÍA NAVARRO

Unha cidade, Pedrarcana de Leria, e un edificio, a biblioteca; velaí dous espazos capaces de albergar desexos ocultos, tristezas manifestadas, intereses persoais, egoísmos, ilusións e tamén esperanza nun mundo mellor no que os libros, ou o mundo que se tece en torno a eles, cobran un significado especial.

A monotonía que semella terse apoderado da vida dos habitantes e das rúas fai que cada día sexa idéntico ao anterior e ao seguinte e que as persoas despois dunha longa xornada de tedio volten aos seus fogares para cumprir unha e outra vez co seu ritual: durmir deica o bosquejo seguinte.

Así que nada mellor ca un libro para vivir experiencias inolvidables que nos transporten a mundos maravillosos e nada máis fascinante -do latín fascinare 'encantar, enfeitizar'- ca un edificio de pedra situado na Zona Antiga que contén centos de volumes e recunchos ata agora inexplorados para sacar da rutina a centos de pedrarcarneses que verán como grazas á iniciativa de Alexandra o que antes eran follas de papel cosidas e un lugar morto agora cobra vida cun sinfín de actividades que devolven á poboación as ganas de que chegue un novo día e o desexo de comezar un novo libro.

Logo os personaxes que desfilan polas páxinas e os retos aos que se deben enfrontar para salvar situacións que se antollan complicadas, aderezado con nomes do máis suxerente arrebolan unha historia que, presa da fantasía e en clave de ficción, entretén, diverte, engaiola e distrae con asociacións do máis ocurrente, detalles fiados con enxeño e anécdotas onde prima a razón, a lóxica e o sentido común, pese ao sensentido que algún preten-den introducir aproveitando da ignorancia e mesmo da boa fe dos demais.

Menos mal que aquí coma na vida mesma hai persoas dispostas a reverter as situacións negativas que teñen solucións que non requiren máis ca pensar e poñer en funcionamento estratexias que usan como ferramenta as palabras.

O autor e ilustrador de *A biblioteca de Pedrarcana*, Carlos Taboada, xa ben coñecido polas actividades creativas de *Polo correo do Vento*, onde foi desenvolver traballos de ilustración, publicidade e creación audiovisual, concibe este libro, finalista do Premio Merlín 2017 de Literatura Infantil, dunha forma autenticamente plástica: dota as palabras, frases, expresións, parágrafos e páxinas dunha viveza tal que é quen de forxar no máximo dos lectores e das lectoras mozos unha sorte de escenas e escenarios moi suxerentes que, indo máis aló das palabras e mesmo da ficción, buscan acubillo na realidade e achegan interesantes reflexións acerca da capacidade que todos temos de mudar situacións negativas por moi utópico que nos pareza tal cambio.

TABOADA, Carlos, *A biblioteca de Pedrarcana*, Ed. Xerais, Vigo, 2018, PVP. 12, 50 €



Vital cancionero

A banda sonora dunha xeración

FRANCISCO R. PASTORIZA

do por Leo Ferré, que abre o repertorio e que dá pe á afirmación de que "Non é a palabra a que fai a poesía senon que é a poesía a que ilustra a palabra". Nesa liña están os textos inspirados en Georges Brassens, Jacques Brel, Woody Guthrie, Bob Dylan, Joan Baez, Mikel Laboa... lembranzas de apátridas, exiliados, inmigrantes e anarquistas. Está tamén a homenaxe ás vítimas dos campos de concentración nazis nun tema de Jacques Prévert. As cancións de Silvio Rodríguez e Pablo Milanes están nun poema reflexo de "Oxalá (eu non che pido)" que rememora os mártires de Angueiro e lembra os asasinados polo fascismo. Pero están tamén Troggs e Led Zeppelin pa-



ra cantar o amor fou con "Moitísimo amor" (aquele inesquencible "Whole lotta love"), está Bob Marley para consolar con "Non chores, muller", está James Brown para cantar o amor e ao sexo coa súa "Máquina sexual", e Van Morrison, e Tom Waits, e Patti Smith, e Johnny Cash... E unha recrea-